Universidade Vigo

# MEMORIA DE ACTIVIDADES DE TRANSFERENCIA

Oficina de otri I+D

# 2009

# ÍNDICE

Páx.


**1. A OFICINA DE I+D ..... 1**

**2. ACTIVIDADES CONTRATADAS ..... 2**

**2.1.** Actividades de I+D+i ..... **2**

**2.2.** Tipos de clientes ..... **6**

**2.3.** Convenios de I+D colaborativa ..... **8**

**3. PROXECTOS INTERNACIONAIS DE I+D ..... 8**

**3.1.** O Programa Marco de I+D da Unión Europea ..... **8**

**3.2.** Programas Europeos de Desenvolvemento Rexional e do Fondo Social Europeo ..... **9**

**4. PROTECCIÓN DO COÑECEMENTO ..... 10**

**4.1.** Patentes ..... **10**

**4.2.** Contratos de Licenza ..... **11**

**5. EMPRESAS DE BASE TECNOLÓXICA ..... 11**

**6.1.** Empresa-Concepto ..... **11**

**6. TÁBOA RESUMO DE INDICADORES DE RESULTADO ..... 14**

**7. UNIDADES DE INVESTIGACIÓN INTENSIVA ..... 15**

**8. CONVENIOS E PROXECTOS PROPIOS DE TRANSFERENCIA ..... 16**

**9. RELACIÓN INTENACIONAIS DA OFICINA DE I+D ..... 18**

**9.1.** Proton Europe ..... **18**

**9.2.** Outros Proxectos Internacionais ..... **18**

**10. ACTIVIDADES PROMOCIONAIS ..... 19**

**10.1.** Feiras ..... **19**

**10.2.** Publicacións ..... **19**

**10.3.** Divulgación Científica ..... **20**

**11. PARTICIPACIÓN E ORGANIZACIÓN DE XORNADAS, SEMINARIOS E EVENTOS ..... 21**

**11.1.** Actividades Organizadas ..... **21**

**11.2.** Asistencia a Xornadas, Seminarios e Congresos ..... **21**

**11.3.** Accións formativas ás que asistiu o persoal da OTRI ..... **22**

**12. ACTUACIÓNS NA REDE OTRI ..... 23**

**13. ANEXOS ..... 24**

ANEXO 1. Relación de Actividades Contratadas ..... **24**

ANEXO 2. Relación de Empresas e Entidades Contratantes ..... **42**

ANEXO 3. Relación de Acordos de Colaboración en I+D en 2009 ..... **45**

ANEXO 4. Relación de Proxectos Europeos Concedidos en 2009 ..... **47**

ANEXO 5. Relación de Patentes solicitadas en 2009 ..... **50**

ANEXO 6. Empresas de Base Tecnolóxica (EBT) ..... **52**

# 1. A OFICINA DE I+D

As actividades de transferencia de coñecemento na nosa universidade veñen sido promovidos pola Oficina de I+D co apoio de Servizo de Investigación, na Vicerreitoría de Investigación.

Esta Oficina creouse en 1991 e pertence á Rede de Oficinas de Transferencia de Resultados de Investigación (RedOTRI) das universidades españolas, que actualmente está constituída por 65 oficinas, formando parte da sectorial de I+D da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE).

O equipo humano que xestiona as actividades de transferencia está conformado por unha serie de titulados superiores de I+D.

As actividades de transferencia, segundo o modelo español, europeo e internacional inclúen as actuacións do posto en valor do coñecemento para a súa aplicabilidade e rentabilidade social e económica. Entre as actividades de transferencia, figuran as seguintes:

- Actividades contratadas de I+D e Actividades de I+D colaborativa.

- Protección dos resultados de investigación. Licenciamento de patentes.

- Xeración de empresas baseadas no coñecemento.

De xeito transversal, as actividades de promoción e márketing así como as actividades de difusión da cultura científica actúan como medidas de acompañamento destas actuacións.

# 2. ACTIVIDADES CONTRATADAS

## 2.1. Actividades de I+D+i

Inclúense neste epígrafe as actividades de I+D+i e os servizos tecnolóxicos realizados a petición dunha entidade externa, tanto pública como privada, incluíndo as actividades de formación.

| ACTIVIDADE | NÚMERO | TOTAL |
|---|---|---|
| CONTRATOS | 156 | 5.595.557,21 € |
| INFORMES | 912 | 1.567.753,53 € |
| CURSOS | 13 | 73.868,8 € |
| TOTAIS | 1081 | 7.237.179,54 € |

O listado de actividades contratadas de I+D+i pódese consultar no **Anexo 1 .**

Do total destas actividades de I+D desenvolvidas en 2009**,** 109 delas corresponden a proxectos con financiamento procedente de convocatorias públicas (Plan Galego Incite, axudas do CDTI, PROFIT, CENIT, ...), por un importe total de 4.062.120,74 €.

No ano 2009 contrataron algún tipo de actividade 38 departamentos, do total de 47 departamentos existentes na nosa universidade.

O maior volume de facturación deste ano correspondeulle ao Departamento de Enxeñería Mecánica, Máquinas e motores térmicos e fluídos, con máis de 2 millóns de euros. Polo número de actividades contratadas, destaca o gran volume que representa este departamento, cunha concentración da súa actividade nos contratos que corresponden a informes de asesoría técnica (97%), representando o 23% da facturación total do departamento no 2009.

Nas seguintes gráficas pódense visualizar dun xeito máis detallado estes resultados.





*Figura 1.- Contía das actividades de I+D+i desenvolvidas para entidades externas no ano 2009 por departamentos*




*Figura 2.- Número de actividades de I+D+i desenvolvidas para entidades externas no ano 2009 polos diversos departamentos e ámbitos*

## *EVOLUCIÓN DAS ACTIVIDADES CONTRATADAS DE I+D+i NOS ÚLTIMOS ANOS*





*Figura 3.- Evolución do Número de Actividades Contratadas (Contratos, Informes, Cursos).*





*Figura 4.- Evolución da Contía das Actividades Contratadas (Contratos, Informes, Cursos)*

## 2.2. Tipos de clientes

Na seguinte táboa desglosanse as actividades contratadas de I+D segundo o tipo de cliente: empresas, administracións públicas ou outro tipo de actividades (fundacións, asociacións sen ánimo de lucro, centros tecnolóxicos privados, ...)


| ACTIVIDADE | CLIENTE | NÚMERO | IMPORTE |
|---|---|---|---|
| CONTRATOS (156) | ADMINISTRACIÓN PÚBLICA | 16 | 818.788,88 € |
| | EMPRESAS E ASOCIACIÓNS EMPRESARIAIS | 137 | 4.679.299,33 € |
| | OUTROS | 3 | 97.469,00 € |
| INFORMES (912) | ADMINISTRACIÓN PÚBLICA | 73 | 498.864,36 € |
| | EMPRESAS E ASOCIACIÓNS EMPRESARIAIS | 823 | 1.018.389,17 € |
| | OUTROS | 16 | 49.180,00 € |
| CURSOS (13) | ADMINISTRACIÓN PÚBLICA | 4 | 22.500,00 € |
| | EMPRESAS | 9 | 51.368,80 € |
| | OUTROS | 0 | - € |
| TOTAIS (1081) | ADMINISTRACIÓN PÚBLICA | **93** | **1.340.153,24 €** |
| | EMPRESAS E ASOCIACIÓNS EMPRESARIAIS | **969** | **5.749.057,30 €** |
| | OUTROS | **19** | **146.649,00 €** |

** Outros: Fundacións, asociacións sen ánimo de lucro, centros tecnolóxicos privados, etc*

No **Anexo 2** da presente memoria pódese consultar un listado coas empresas e entidades contratantes no ano 2009.

## PORCENTAXE DE ACTIVIDADES POR TIPO DE ENTIDADE CONTRATANTE


### Por número de actividades




** Outros: Fundacións, asociacións sen ánimo de lucro, centros tecnolóxicos privados, etc*

*Figura 5.- Porcentaxe de actividades contratadas segundo entidade contratante no 2009*

### Pola súa contía




** Outros: Fundacións, asociacións sen ánimo de lucro, centros tecnolóxicos privados, etc*

*Figura 6.-Porcentaxe da contía das actividades contratadas segundo entidade contratante 2009*

## 2.3. Convenios de I+D colaborativa

Durante o 2009, na Universidade de Vigo a I+D colaborativa significou un importe total de **1.909.083,46 €**. Dentro dos proxectos de I+D en cooperación con outros axentes do sistema de innovación, recibiuse financiamento procedente de convocatorias públicas (plan galego, nacional e avanza) por un importe de 1.802.009,86 €, que representan o 94% do total de acordos de I+D colaborativa.

Tamén é de vital importancia a integración da UVIGO nos acordos de consorcio de I+D europeos, que os tratamos nun apartado específico da memoria.

No **Anexo 3** pódese consultar a relación dos proxectos en I+D colaborativa procedentes de convocatorias públicas nos que participa a UVIGO.

# 3. PROXECTOS INTERNACIONAIS DE I+D

A Área de Proxectos Internacionais xestiona, proporciona información e asesora en todo o tocante aos proxectos internacionais e europeos de I+D+i, promocionando a participación dos grupos de investigación da Universidade de Vigo nos programas existentes.

## 3.1. O Programa Marco de I+D da Unión Europea

Este ano 2009 aprobáronse 7 proxectos, 4 dentro do programa Cooperación (áreas de Saúde e Nanotecnoloxía) e 3 dentro do programa Persoas, que alcanzaron unha subvención total de 1.500.819,62 euros.

Ademais, a promoción das convocatorias deste ano levaron a que na UVIGO se presentaran 40 novas propostas, por un valor total de máis de 20 millóns de euros, algunhas aínda en proceso de avaliación.

| SUBPROGRAMAS do VII Programa Marco | Número de propostas presentadas 2009 | Total propostas presentadas desde inicio VII PM (2007) |
|---|---|---|
| **COOPERACIÓN** | 17 | 67 |
| **IDEAS** | 4 | 16 |
| **XENTE** | 12 | 23 |
| **CAPACIDADES** | 7 | 12 |
| **TOTAL** | **40** | **118** |

En canto a participación por departamentos, neste ano 2009, os departamentos máis activos foron os de Química Física con 9 propostas e o de Teoría do Sinal e Comunicacións con 5 propostas.

As actividades de promoción consistiron na celebración de 5 xornadas temáticas en 2 campus da UVIGO (Vigo e Ourense), a edición dun tríptico informativo e a difusión regular, a través do correo electrónico, das diferentes convocatorias e procura de socios. Tamén se desenvolveron reunións bilaterais cos grupos de investigación interesados na participación do Programa Marco e a asistencia a diferentes eventos nacionais e internacionais de presentacións de convocatorias e procura de socios.

No **Anexo 4** figura o listado cos datos completos dos proxectos europeos concedidos no ano 2009.

## 3.2. Programas Europeos de Desenvolvemento Rexional e do Fondo Social Europeo

Ademais do Programa Marco, cabe destacar tamén a actividade en outros **Programas de Financiamento**, especialmente:

- Programas de Cooperación Territorial (antigos INTERREG): **8 proxectos aprobados** por un total de 1.397.754,82 euros
- Programa CIP: 2 propostas presentadas, unha delas xa en fase de negociación por valor de 115.000 euros.

Polo tanto, o total de fondos internacionais captados pola UVIGO neste ano 2009 ascende a 2.898.574,44€ (máis outros 115.000 € en negociación).

| PROGRAMA | Número de propostas presentadas 2009 |
|---|---|
| **Transfonteiriza España-Portugal** | Non houbo convocatoria |
| **Transnacional Espazo Atlántico** | 4 |
| **Transnacional Espazo SUDOE** | Non houbo convocatoria |
| **Internacional** | 1 |
| **TOTAL** | **5** |

# 4. PROTECCIÓN DO COÑECEMENTO

## 4.1. Patentes

No ano 2009 tramitáronse un total de solicitudes de 17 patentes nacionais, 4 solicitudes internacionais e 2 solicitudes de modelos de utilidade **(Anexo 5).**

En canto á evolución desde o ano 1992, a Universidade de Vigo solicitou un total de 133 patentes nacionais, 18 patentes internacionais, 3 marcas e 16 modelos de utilidade. Destas solicitudes de propiedade industrial, lévanse concedido 68 patentes e 11 modelos de utilidade durante o período 1992-2009.





*Figura 7.- Número de solicitudes de patentes, marcas e modelos de utilidade entre 1992-2009*





*Figura 8.- Evolución das solicitudes de propiedade industrial Universidade de Vigo, 1992-2009*

### 4.2. Contratos de Licenza

Os contratos de licenza teñen por obxectivo ceder a unha empresa os resultados da investigación para a súa explotación e comercialización.

No 2009 asináronse 3 contratos de licenza para uso e explotación dos resultados da investigación da nosa universidade:

- Contrato de Transferencia Tecnolóxica e Licenza de explotación de patente coa empresa SOUND OF NUMBERS S.L., coa participación dos profesores Alfonso Rodríguez Molares, Julio Martin Herrero, Manuel Sobreira Seoane.

- Contrato de Transferencia Tecnolóxica e licenza coa empresa GEODEM S.L., coa participación do profesor Enrique Valero Gutiérrez del Olmo.

- Contrato de Transferencia Tecnolóxica e Licenza coa empresa PLANESGA S.L., coa participación do profesor Gonzalo Méndez.

## 5. EMPRESAS DE BASE TECNOLÓXICA

### 5.1. Empresa-Concepto

O programa Empresa-Concepto, impulsado polas universidade galegas de Santiago de Compostela, Vigo, A Coruña e polo CSIC en Galicia, ven funcionando dende o ano 2004 e pon a disposición destes centros de investigación os recursos financeiros e humanos que posibiliten a creación dun futuro negocio, arredor de tecnoloxías xurdidas da actividade investigadora. Este programa conta co financiamento da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Innovación e Industria e da Consellería de Traballo. No transcurso do 2009 a renovación de dita iniciativa só foi asumida con financiamento da Consellería de Traballo.

As axudas proporcionadas polo programa Empresa-Concepto consisten nun promotor con formación e experiencia empresarial, a tempo completo, e dun titor para apoio á iniciativa empresarial, en accións formativas e realización de estudos de planificación de mercado e do plan de negocio.

## Iniciativas titorizadas

No 2009 continuouse coa titorización de iniciativas de empresa de base tecnolóxica a través do programa Empresa-Concepto. Dúas novas iniciativas beneficiáronse do programa:

- ✓ **Limpeza de fachadas mediante láser,** promovida por Betty León.
- ✓ **SOCIALWIRE LABS**, promovida por J. Carlos López Ardao.

## Spin-off creadas

Ao longo do ano creáronse 5 Empresas de Base Tecnolóxica promovidas por investigadores da Universidade de Vigo:

- ✓ **GEODEM, Centro de Ingeniería e Innovación para el Desarrollo Medioambiental S.L**, promovida polo profesor Enrique Valero.
- ✓ **CONSULTORÍA MEDIOAMBIENTAL, Planesga S.L.,** promovida polo profesor Gonzalo Méndez.
- ✓ **QUANTUM INNOVATIVE S.L.**, promovida polo profesor José Antonio Vilán.
- ✓ **SOUND OF NUMBERS, S.L**. promovida polo profesor Manuel Sobreira.
- ✓ **NANOIMMUNOTECH S.L.**, Nanopartículas de uso terapéutico, promovida pola profesora África González.

No seguinte gráfico pódese consultar a evolución das empresas creadas na Universidade de Vigo desde o ano 2004, sumando un total de 15 empresas no período 2004-2009.





*Figura 9.- Evolución da titorización e creación de Spin-off na UIGO- período 2004-2009.*

No **Anexo 6** pódense consultar as iniciativas empresariais no período 2004-2009 na Universidade de Vigo.

A finais do ano 2009 foi aprobada a normativa de creación de empresas de base tecnolóxica da Universidade de Vigo, que ten por obxecto establecer o réxime xurídico aplicable ás empresas de base tecnolóxica xurdidas no contorno da Universidade de Vigo. Representa unha nova era para o desenvolvemento e/ou explotación comercial dos resultados da I+D, coa posibilidade de que a Universidade participe nas empresas, así como que o persoal investigador teña maior participación.

# 6. TÁBOA RESUMO DE INDICADORES DE RESULTADO 2009

## ACTIVIDADES CONTRATADAS

| ACTIVIDADE | NÚMERO | CONTÍA |
|---|---|---|
| CO | 156 | 5.595.557,21 € |
| IN | 912 | 1.567.753,53 € |
| CU | 13 | 73.868,80 € |
| *TOTAIS* | *1081* | *7.237.179,54 €* |

## PROXECTOS EUROPEOS APROBADOS

| ACTIVIDADE | NÚMERO | CONTÍA |
|---|---|---|
| PROGRAMA MARCO | 7 | 1.500.819,62 € |
| INTERREG | 8 | 1.397.754,82 € |
| *TOTAIS* | *15* | *2.898.574,44 €* |

## LICENZAS

| LICENZA | NÚMERO | CONTÍA |
|---|---|---|
| | 3 | % sobre beneficios |

## PATENTES

| | NACIONAIS | INTERNACIONAIS | MODELOS | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| SOLICITADAS | 17 | 4 | 2 | 23 |
| CONCEDIDAS | 10 | 0 | 0 | 10 |

## EMPRESAS DE BASE TECNOLÓXICA

| SPIN-OFF | CREADAS | TITORIZADAS |
|---|---|---|
| | 5 | 2 |

## 7. UNIDADES DE INVESTIGACIÓN INTENSIVA

A través dun convenio da Xunta de Galicia para o período 2008-2010, no que participa a Universidade de Vigo, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de A Coruña e o CSIC de Galicia, púxose en marcha o proxecto de Unidades de Investigación Intensiva. Este convenio ten como misión a realización de actuacións que contribúan a engadirlle valor ao resultado da actividade investigadora dos grupos de investigación, logrando deste xeito un funcionamento óptimo dos grupos en termos científicos-empresariais, de forma que cando se considere un proxecto ou liña de investigación non se faga só en termos científicos, senón que tamén se valoren as posibilidades de valorización e transferencia de resultados de investigación.

Na Universidade de Vigo estase a traballar cos seguintes grupos de investigación :

- Grupo de Investigacións Agroambientais e Alimentarias
- Grupo de Tecnoloxía da Información

Durante o período correspondente ao ano 2009 abordáronse as fases correspondentes ao “Estudo organizativo e funcional” e “Deseño do plan estratéxico de I+D” dos grupos de investigación. Para o desenvolvemento da actividade, seleccionáronse as empresas consultoras que colaborarían con cada un dos grupos anteriormente seleccionados.

A análise levada a cabo na fase do “Estudo Organizativo-Funcional do grupo” permitiu recompilar a información necesaria para analizar a estrutura dos grupos seleccionados e propoñer algunhas melloras .

En canto a fase do “Deseño do Plan Estratéxico de I+D” dos grupos seleccionados, realizouse unha análise externa para avaliar as oportunidades de negocio que posúe cada liña de investigación que o grupo pretende desenvolver a medio-longo prazo, establecendo que liñas teñen futuro comercial e cales se destinarán a publicacións científicas.

## 8. CONVENIOS E PROXECTOS PROPIOS DE TRANSFERENCIA

A Oficina de I+D preséntase habitualmente ás convocatorias de axudas nacionais e autonómicas que contribúan a desenvolver e financiar a tarefa de transferencia dos resultados da investigación na nosa Universidade. Como resultado destas iniciativas, no ano 2009 leváronse a cabo as accións dos seguintes proxectos ou convenios:

- Continuación do Proxecto de Axudas ás OTRI do Ministerio **"Identificación e promoción de proxectos sectoriais"** que ten por obxecto a posta en marcha de proxectos coordinados ou individuais de I+D+i con empresas dos sectores: rocas ornamentais, derivados da pesca e madeira, en colaboración con grupos de investigación da Universidade de Vigo. Dende o comezo do proxecto no ano 2006 lévanse detectado arredor de 100 necesidades de I+D entre as empresas visitadas, 28 das cales se materializaron en proxectos por un importe total de 1,8 millóns de euros. As actuacións enmarcadas neste plan finalizaron en **xuño de 2009**. O orzamento total do proxecto para as 3 anualidades é de 47.000 €.

- Continuación do Proxecto de Axudas ás OTRI do Ministerio **"Marketech II: Orientación Tecnolóxica en Enxeñería no sector marítimo-pesqueiro"**, coordinado polo CETMAR e coa colaboración das 3 universidades galegas, CSIC-Galicia e ANFACO. Este proxecto comezou a finais do ano 2006 e finalizará a finais de xuño de 2010, conta cun orzamento total de 25.000 €. Durante o ano 2009 mantivéronse distintas reunións con investigadores co obxectivo de definir proxectos de envergadura que dean resposta ás necesidades tecnolóxicas plantexadas polas empresas do sector marítimo-pesqueiro contactadas.

- Continuación do Proxecto de Axudas ás OTRI do Ministerio **"Promogrup I: Marketing, promoción e difusión da oferta tecnolóxica alimentaria da UVIGO en sectores estratéxicos"**. Nesta anualidade intensificáronse as visitas con empresas do sector agroalimentario. De todas as necesidades de I+D detectadas durante as visitas a empresas, 9 definíronse como proxectos de investigación, por un importe total de 4570.322 €. O orzamento total do proxecto é de 50.000 €.

- Proxecto de Axudas ás OTRI do Ministerio **"Promogrup II: Márketing, promoción e difusión da oferta da UVIGO en ciencias e tecnoloxías medioambientais"**. O orzamento total do proxecto que finalizará en decembro de 2011 é de 113.000 €. Durante esta anualidade, prepáraronse 4 separatas coa oferta científico-tecnolóxica dos grupos de investigación da Universidade de Vigo implicados neste proxecto: Equipo de biotecnoloxía ambiental e ecoloxía do solo, Equipo de

Bioprocesos, Equipo de procesos de separación avanzada, Grupo de Investigación de análise química e efectos fisiolóxicos de biotoxinas e contaminacións ambientais e alimentarias. Ademais enviouse un cuestionario para coñecer as necesidades de I+D das empresas obxectivo do sector.

- Proxecto de Axudas ás OTRI do Ministerio **"DINAMIZA: Dinamización dos Axentes do Sistema I+DT+i do Sector da Construcción no ámbito Xeográfico de Galicia"**. Está coordinado pola Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG) e conta coa colaboración das Universidades de A Coruña e de Vigo. O orzamento total do proxecto para as tres anualidades é de 7.260 €. No ano 2009 comezouse a preparar un dossier que recolle as axudas ás que poden optar as empresas do sector da construcción. Ademais elaborouse un documento coa oferta científico-tecnolóxica dos grupos de investigación das Universidades de A Coruña e de Vigo.

- Axuda da Fundación Española de Ciencia y Tecnología (FECYT) para actividades de promoción da cultura científica e de innovación da Unidade de Cultura Científica da Universidade de Vigo (UCC+i) para o ano 2009. Dende esta unidade, que comezou a súa actividade en setembro de 2008, lévanse a cabo funcións de apoio á difusión, comunicación e divulgación dos resultados das investigacións científicas xeradas na Universidade de Vigo. No 2009, contou cun financiamento de 16.000 €.

- **Convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria** da Xunta de Galicia **e a Universidade de Vigo** para executar os compromisos establecidos no Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010 (INCITE), en relación coa función das OTRIs no Sistema Galego de Investigación e Innovación. En 2009 contou cun orzamento de 365.674,48 €.

- **Programa EUROCIENCIA 2006: "Plan Estratéxico de Participación no VII Programa Marco"**. A finalidade deste plan é a captación e aproveitamento de todas as oportunidades posibles de participación dos investigadores da Universidade de Vigo no VII Programa Marco da Unión Europea mediante a xeración de propostas dende os seus respectivos grupos. O orzamento total do proxecto para as 3 anualidades é de 155.767 €.

# 9. RELACIÓNS INTERNACIONAIS DA OFICINA DE I+D

## 9.1. Proton Europe

A Oficina de I+D participou activamente nas etapas iniciais da Proton Europe , que nun principio foi unha rede temática financiada polo V Programa Marco da Unión Europea.

Na actualidade, Proton Europe é unha Asociación que aglutina **245** Oficinas de Transferencia de Coñecemento de Universidades e Centros Públicos de Investigación de Europa. Ao mesmo tempo, integra redes nacionais como RedOTRI española, AURIL británica, Net Val Italia, Rede Curie Francia,... Como outras redes, Proton organiza actividades formativas, conferencia anual, facilita actividades de promoción e fomenta a profesión de xestor de Transferencia e Valorización do Coñecemento, pero sobre todo contribúe a facilitar documentos de posición para a Unión Europea sobre a Transferencia de Coñecemento.

A responsable da nosa OTRI é membro do "Board of Directors" en representación da RedOTRI de universidades españolas.

## 9.2. Outros Proxectos Internacionais

Neste ano a Oficina de I+D participou na solicitude de un proxecto TEMPUS con países da área mediterránea:

- Proxecto OSMOSE (Ouverture Structurée Université Monde Socio-Économique), con socios de España, Marrocos, Francia, Túnez e Italia.

# 10. ACTIVIDADES PROMOCIONAIS

Dentro da súa función de promoción e dinamización das actividades de transferencia e innovación, a OTRI da Universidade de Vigo realizou as seguintes actividades:

## 10.1. Feiras

A Oficina de I+D participou en 2009 xunto á Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT) cun stand propio na feira **AQUAFARMING**, celebrada en Vigo entre os días 16 e 19 de setembro, no marco da World Fishing Exhibition. Nesta feira presentouse a oferta científico- tecnolóxica da UVigo en materia de acuicultura e repartironse os exemplares dun libro de 80 páxinas editado para a ocasión en tres idiomas (500 galego, 500 castelán e 500 inglés) no que se recompilan as capacidades dos grupos de investigación da Universidade de Vigo neste eido.

## 10.2. Publicacións

A OTRI promoveu en 2009 as seguintes publicacións:

- **Oferta Científico Tecnolóxica da Universidade de Vigo en Acuicultura**. Libro de 80 páxinas, editado en 3 idiomas (500 exemplares en galego, 500 en castelán e 500 en inglés).
- **Oferta Científico Tecnolóxica da Universidade de Vigo en Humanidades e Ciencias Sociais** (750 exemplares en galego) que pretende potenciar e dinamizar a colaboración da universidade con entidades externas nestes eidos de coñecemento.
- **Catálogos de grupo**. Ampliouse a oferta coa publicación dos catálogos de 7 equipos de investigación, que a partir de agora contarán cunha ferramenta para presentar cara ao exterior a súa oferta. Editáronse 500 exemplares de cada un.
- **Separatas de Medio Ambiente**. 4 modelos de separatas, 200 exemplares de cada unha.

As publicacións realizadas en 2009 poden ser consultadas en versión PDF na web: http://webs.uvigo.es/otri no apartado de “descargas”.

## 10.3. Divulgación da Ciencia

Durante o ano 2009, a **Unidade de Cultura Científica da Universidade de Vigo,** encadrada dentro da Oficina de I+D, realizou as seguintes actividades de divulgación e comunicación da Ciencia á sociedade:

- **Visitas de escolares: "As cores do mar de Toralla"** - do 25 de maio ao 12 de xuño na Estación de Ciencias Mariñas da Universidade de Vigo. Para a ocasión editáronse 300 caderniños de actividades.
- **"Contos e Coplas de Estrelas"** – Proxecto en colaboración co CSIC e financiado pola Consellería de Economía e Industria que inclúe a edición do libro "Contos de Estrelas" e do CD "Coplas de Estrelas", que foi presentado nun acto público en Vigo o 21 de novembro. 1000 exemplares.
- **Conferencia divulgativa: "As vacinas, un gran reto para a ciencia médica"** a cargo de África González Fernández. O 10 de novembro na Fundación Pedro Barrié de la Maza de Vigo
- **Conferencia divulgativa: "Evolución Estelar e o descubrimento de auga nunha estrela moribunda"** a cargo de Luis Felipe Miranda. O 24 de novembro na Fundación Pedro Barrié de la Maza de Vigo.
- **Conferencia divulgativa: "A nanotecnoloxía, unha gran revolución a pequena escala"** a cargo de Ramón Álvarez Puebla. O 15 de decembro na Fundación Pedro Barrié de la Maza de Vigo
- **Publicación do libro: "As vacinas, historia e ciencia"** (1.000 exemplares). 40 páxinas nas que se explica o xeito no que funcionan as vacinas dun xeito sinxelo e accesible para o gran público.
- **Publicación do libro: "O cosmos, unha introdución á Astronomía"** (1.000 exemplares). 44 páxinas ilustradas con fotografías da NASA e o Telescopio Hubble nas que se fai un breve percorrido polo estudo do Universo.
- **Publicación do libro: "A nanotecnoloxía, unha gran revolución a pequena escala"** (1.000 exemplares). 40 páxinas nas que se presenta esta ciencia que terá unha grande importancia nun futuro próximo.
- Apoio á organización e coordinación das actividades organizadas por investigadores da UVigo durante a **Semana da Ciencia 2009**
- Colaboración co Gabinete de **Prensa** da Universidade de Vigo na difusión de noticias relacionadas coa investigación e a innovación.

As publicacións realizadas dende a Unidade de Cultura Científica poden ser consultadas en versión PDF na web: http://webs.uvigo.es/otri/ucc/documentos

# 11. PARTICIPACIÓN E ORGANIZACIÓN DE XORNADAS, SEMINARIOS E EVENTOS

## 11.1. Actividades Organizadas

**- "IX Foro Tecnolóxico de Emprego"** – Vigo, 30 de marzo ao 3 de abril.

**- II Asemblea Plataforma Tecnolóxica Forestal Galega** – Santiago de Compostela, 28 de xaneiro.

**- Xornada As 5W da innovación** – Vilagarcía de Arousa, 13 de maio.

**- Xornada informativa "O programa de Ciencia en Sociedade do 7º Programa Marco"** – Ferrol, 21 de maio.

**- Conferencia Anual Red OTRI** – Tenerife, 3-5 de xuño.

**- Sesión informativa sobre proxectos singulares e estratéxicos** – Vigo, 26 de xuño.

**- Conferencia de presentación proxecto Red Incopyme na CEP** – Vigo, 26 de xuño.

**- Foro de Biotecnoloxía e Emprendemento, BIC Galicia** – Vigo, 29 de xuño.

**- II Asemblea Xeral da Plataforma Tecnolóxica Galega do Audiovisual** – Santiago de Compostela, 20 de xullo.

**- Xornada "Axudas aos Proxectos Empresariais no Plan Galego de I+D+i"** – Vigo, 21 de xullo.

**- Seminario sobre a creación de spin-off de base tecnolóxica** – Vigo, 27 de novembro.

## 11.2. Asistencia a Xornadas, Seminarios e Congresos

**- "InfoDays ICT – CDTI"** – Madrid, 14-15 de xaneiro.

**- "PATENTES: o que todo científico ou enxeñeiro debe saber"** – Santiago de Compostela, 21 de xaneiro.

**- Xornada Técnica sobre "Aspectos legais, administrativos e financieiros do VII Programa marco de I+D**" – Elxe, 12 e 13 de febreiro.

**- Xornada "Líneas de ayudas del IGAPE a las PYMEs"** – Vigo, 2 de febreiro.

**- Xornada Técnica sobre "Propiedade Industrial: Patentes"** – Vigo, 3 de febreiro.

**- Xornada "O Tren da Innovación"** – Vigo, 19 de febreiro.

**- Xornada Técnica "Ferramentas para a Divulgación Científica en Galicia"** – Santiago de Compostela, 3 de marzo.

**- Xornada Transfronteiriza POCTEP** – Vila Nova da Cerveira, 31 de marzo.

**- Seminario de lanzamiento: 2ª convocatoria de Espacio Atlántico** – Madrid, 2 de abril.

**- Forum Torino - Sistemas Rexionais de Innovación** – Santiago de Compostela, 2 e 3 de abril.

**- Turning to the future: A new approach for EU socio-economic and humanities until 2013** – Bruxelas, 5 de xuño.

**- IX Congreso Internacional sobre creación de spin-offs universitarias** – Santiago de Compostela, 29 e 30 de xuño.

**- VI Foro de avaliación da calidade da investigación e da educación superior** – Vigo, 8-11 de setembro.

**- Xornada: Colaborar para innovar: As oportinadades do Fondo Tecnolóxico Europeo para Galicia** – Santiago de Compostela, 16 de setembro.

**- Conferencia Valoración de marcas e patentes – Clarke&Modet** – Vigo, 4 de novembro.

**- Xornada sobre Protección da Tecnoloxía na empresa** – Vigo, 18 de novembro.

**- Seminario Innovación 2.0 de FEUGA** – Vigo, 25 de novembro.

**- Congreso "ComCiRed- Comunicar Ciencia en Red"** – Barcelona, 30 de novembro e 1 de decembro.

**- Xornada sobre Transferencia Tecnolóxica nas Humanidades** – Madrid, 21 de xaneiro.

**- Conferencia anual Proton Europe "Innovation through Cooperation** – Cardiff, 28-30 de xaneiro.

## 11.3. Accións formativas ás que asistiu o persoal da OTRI

**- Curso fomación: "Creación de Spin-Off",** Barcelona, 20 de abril.

**- Curso RedOTRI de formación: "Iniciación á Xestión de Proxectos Europeos",** Zaragoza, 4-8 maio.

**- Curso formación: "Accións Marie Curie",** Barcelona, 27-29 de maio.

**- Curso "Financial & Project Management in FP7",** Budapest, 10-13 de xuño.

**- Curso "Comunicación e Divulgación da I+D: Un reto estratéxico**", Murcia, 16-19 xuño.

**- Xornada Técnica RedOTRI: "Aspectos legais da xestión do IVA e a súa aplicación práctica nas actividades de I+D+i",** Madrid, 2 de xullo.

**- Curso RedOTRI de Creación de Empresas de Base Tecnolóxica,** A Coruña, 8-10 de xullo

**- Curso RedOTRI de Iniciación á Función de Transferencia,** Córdoba, 21-23 de outubro.

**- Curso RedOTRI on line "Promoción e Márketing"**, 30 de Novembro- 23 de decembro

- **Curso RedOTRI on line "Xestión do IPR"**, 10 de Novembro- 22 de decembro

## 12. ACTUACIÓNS NA REDE OTRI

A nosa OTRI mantén unha participación moi activa no seno da RedOTRI. Participa nos seus grupos de traballo (Grupo de Spin-off, Grupo de contratos artigo 83 da LOU, Grupo de proxectos europeos de I+D+i), e na súa comisión permanente.

Como parte da labor que realiza a responsable da Oficina de I+D como membro da Comisión Permanente da RedOTRI, e dende o 3 de xullo como Coordinadora da rede, participouse nas seguintes actividades:

**- Varias reunións da través da Sectorial de I+D da CRUE los Secretarios xerais do Estado do MICINN e o Ministerio de Educación** – Madrid, 10 de febreiro.

**- Ponencia na Conferencia Anual Red Curie francesa** – Montpellier, 17-19 de xuño.

**- Membro da Comisión de Avaliación do Programa Innocash** – varias datas

**- XVII Xornadas de Investigación nas universidades españolas** – Santander, 14 e 15 de outubro.

**- Membro do Xurado Premio Nacional de Transferencia de Tecnoloxía Juan de la Cierva** – Madrid, 11 de novembro.

# 13. ANEXOS

## ANEXO 1: RELACIÓN DE ACTIVIDADES CONTRATADAS

| CONTRATOS | | |
|---|---|---|
| **TÍTULO** | **REPONSABLE/S** | **DEPARTAMENTO** |
| INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE BIORREACTORES DE MEMBRANA DE ALTA CARGA PARA A DEPURACIÓN E REUTILIZACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS URBANAS EN EDARes DE GALICIA | Mª TERESA PÉREZ NIETO | Bioloxía funcional e ciencias da saúde |
| ILLAMENTO E IDENTIFICACIÓN DE MICROBIOTA ASOCIADA A AUG MINEROMEDICINAL PARA CARACTERIZACIÓN DE PRODUTOS EXTRACELULARES CON CAPACIDADE ANTIMICROBIANA | LUIS A. RODRÍGUEZ LÓPEZ | Bioloxía funcional e ciencias da saúde |
| VALORACIÓN-NUTRICIÓN DOS PRODUTOS DA DIETA GALEGA NA SÚA PREPARACIÓN TRADICIONAL E RECETARIO CONTEXTOALIZADO E VALORADO NUTRICIONALMENTE | FEDERICO MALLO FERRER | Bioloxía funcional e ciencias da saúde |
| ESTUDO DE COMPARACIÓN DOS PERFÍS BIOQUÍMICOS E SEROLÓXICOS DOS MICROORGANISMOS ILLADOS NA AUGA DE INSTALACIÓNS DE RISCO SEGUNDO A ESTACIONALIDADE | LUIS A. RODRÍGUEZ LÓPEZ | Bioloxía funcional e ciencias da saúde |
| CARACTERIZACIÓN MICROBIOLÓXICA E FISICOQUÍMICA DAS AUGAS DA GRANXA PORCINA DE PONTECOIROS | LUIS A. RODRÍGUEZ LÓPEZ | Bioloxía funcional e ciencias da saúde |
| MICROBIOTA ASOCIADA A RESIDENCIAS ESTUDO MOLECULAR E SEROLÓXICO DE VIABILIDADE MICROBIOLÓXICA EN INSTALACIÓNS DE RESIDENCIAS | LUIS A. RODRÍGUEZ LÓPEZ | Bioloxía funcional e ciencias da saúde |
| DOCUMENTACIÓN XEOMÉTRICA E MODELADO VIRTUAL DA FACHADA E ELEMENTOS ACCESORIOS DO MOSTEIRO DE SAMOS | PEDRO ARIAS SÁNCHEZ, JULIA ARMESTO GONZÁLEZ | Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo |
| TÉCNICAS DE APLICACIÓN DE SUBPRODUTOS DE ORIXE VITIVINÍCOLA Á PRODUCIÓN ECOLÓXICA DO VIÑEDO: ASPECTOS AGRONÓMICOS E AMBIENTAIS | MANUEL ARIAS ESTÉVEZ | Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo |
| IMPLANTACIÓN DAS TÉCNICAS DA VITICULTURA DE PRECISIÓN NAS CONDICIÓNS DO ROSAL (DO RIAS BAIXAS) | JOSÉ MARÍA GARCÍA QUEIJEIRO | Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo |
| CONTROL AEROBIOLÓXICO DE GALICIA | Mª VICTORIA JATO RODRÍGUEZ | Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo |
| CARACTERIZACIÓN E CUANTIFICACIÓN DAS PROTEÍNAS ANTIXÉNICAS, PRE Y POST INACTIVACIÓN DOS DISTINTOS SEROTIPOS DE VIRUS DA LINGUA AZUL (VLA) PRESENTES EN VACINAS COMERCIAIS DE CZV | FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ BERROCAL, Mª PAEZ DE LA CADENA TORTOSA | Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía |
| DETECCIÓN ESPECÍFICA DE MARCADORES TUMORALES UTILIZANDO ANTICORPOS CORRECTAMENTE ORIENTADOS SOBRE NANO PARTÍCULAS MAGNÉTICAS | ÁFRICA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ | Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía |
| POSTA EN MARCHA E COORDINACIÓN CIENTÍFICA DA AXENCIA DE ECOLOXÍA URBANA DO EIXO ATLÁNTICO | EMILIO FERNÁNDEZ SUÁREZ | Ecoloxía e Bioloxía Animal |
| PLANOS DE VIXILANCIA ECOTOXICOLÓXICA DAS OBRAS DO VIADUCTO DE CATOIRA PARA O AVE | RICARDO BEIRAS GARCÍA-SABELL | Ecoloxía e Bioloxía Animal |
| SEGUEMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE COMPOSTAXE DE LODOS MEDIANTE PILAR ESTÁTICAS CUBERTAS VENTILADAS | SALUSTIANO MATO DE LA IGLESIA | Ecoloxía e Bioloxía Animal |
| SISTEMA DE VALORACIÓN DE PRODUTOS ESTRUTURADOS | JOSÉ Mª MATÍAS FERNÁNDEZ | Estatística e Investigación Operativa |
| 6 TECNOLOXÍAS EMERXENTES DE PROCESADO DE ALIMENTOS DE GALICIA (TEPAGA) | LORENZO PASTRANA CASTRO | Química Analítica e Alimentaria |

| | | |
|---|---|---|
| PRODUCIÓN DE PREBIÓTICOS SIMBIÓTICOS E VAINILLA A PARTIR DE SALVADO | LORENZO PASTRANA CASTRO | Química Analítica e Alimentaria |
| DESENVOLVEMENTO DE PRODUTOS DE LONGA DURACIÓN DE GRAN CALIDADE CON CARACTERÍSTICAS ORGANOLÉPTICAS ESTABLES, ALERXÉNICAMENTE SEGUROS, SAUDABLES E MÍNIMAMENTE PROCESADOS | LORENZO M. PASTRANA CASTRO | Química Analítica e Alimentaria |
| DESENVOLVEMENTO DUN PREPARADO INOCULANTE PARA SILOS DE HERBA E MAIZ PARA O CONTROL DE LISTERIA MONOCYTOGENES | LORENZO PASTRANA CASTRO | Química Analítica e Alimentaria |
| DIRECCIÓN ASESORA E CONSULTORA FACULTATIVA DO LABORATORIO COMUNITARIO DE REFERENCIA DE BIOTOXINAS MARIÑAS | ANA GAGO MARTÍNEZ | Química Analítica e Alimentaria |
| NOVA GAMA DE PRODUTOS LÁCTEOS A PARTIR DO LEITE DESLACTOSADO MEDIANTE ENZIMAS INMOVILIZADAS | Mª LUISA RÚA RODRÍGUEZ | Química Analítica e Alimentaria |
| OBTENCIÓN DUN PREPARADO LÁCTEO FUNCIONAL A PARTIR DOS SOROS DE QUEIXERÍA | MARÍA LUISA RÚA RODRÍGUEZ | Química Analítica e Alimentaria |
| RECUPERACIÓN DA PRODUCIÓN DE OLIVA E ACEITE EN GALICIA: DEFINICIÓN DE ASPECTOS SENSORIAIS NO ACEITE DE OLIVA VIRXE | CARMEN GONZÁLEZ BARREIRO | Química Analítica e Alimentaria |
| AVALIACIÓN DA CALIDADE QUÍMICA DAS AUGAS TERMAIS DA PROVINCIA DE OURENSE | JUAN C. MEJUTO FERNÁNDEZ | Química Física |
| OBTENCIÓN DE INTERMEDIOS DE SÍNTESE DA 250H-VITAMINA D2 | YAGAMARE FALL DIOP | Química Orgánica |
| PROGRAMA DE ACCIÓN PARA A POSTA EN MARCHA DA AECT GALICIA-NORTE DE PORTUGAL GNP, AECT | LUIS DOMINGUEZ CASTRO | Historia, Arte e Xeografía |
| RECURSOPENTRAD: RECURSOS LINGÜÍSTICO-COMPUTACIONAIS DE TRADUCIÓN AUTOMÁTICA AVANZADA EN CÓDIGO ABERTO PARA A INTEGRACIÓN EUROPEA DA LÍNGUA GALEGA | XAVIER GÓMEZ GUINOVART | Traducción e Lingüística |
| DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DE EQUIPO AUTOMATIZADO PARA EXTRACCIÓN E CORTE EN CANTEIRAS EN CLIMAS FRÍOS OU SEN ACCESO A SUMINISTRO DE AUGA | ESTEBAN LÓPEZ FIGUEROA | Deseño na Enxeñería |
| TECNOLOXÍA NON INVASIVA DE SENSORIZACIÓN CORPORAL PARA A AVALIACIÓN BIOMECÁNICA DO RENDEMENTO DEPORTIVO | JOSÉ BENITO BOUZA RODRÍGUEZ | Deseño na Enxeñería |
| DESENVOLVEMENTO DUN INNOVADOR SISTEMA AUTOBASCULANTE DE ANCORAXE DE ASENTOS PARA VEHÍCULOS | JOSÉ BENITO BOUZA RODRÍGUEZ | Deseño na Enxeñería |
| DESEÑO DE EQUIPO ACCESORIO DE GUINDASTRE PARA SUXEITAR CONTEDORES | ESTEBAN LÓPEZ FIGUEROA | Deseño na Enxeñería |
| PANTALLA 3D PARA APLICACIÓNS DIDÁCTICAS DE REALIDADE VIRTUAL | ESTEBAN LÓPEZ FIGUEROA | Deseño na Enxeñería |
| OPTIMIZACIÓN DE GAMAS, CATÁLOGO E PARAMETRIZACIÓN DOS DISTINTOS SISTEMAS DE MANUTENCIÓN INDUSTRIAL | ESTEBAN LÓPEZ FIGUEROA | Deseño na Enxeñería |
| DESENVOLVEMENTO DUN SISTEMA DE MONITORIZACIÓN REMOTO MULTIFUNCIONAL BASEADO EN TECNOLOXÍAS WIMAX | ALEJANDRO PEREIRA DOMÍNGUEZ | Deseño na Enxeñería |
| PLANO DE TRANSPORTE PÚBLICO TRANSFRONTEIRIZO | ESTEBAN LÓPEZ FIGUEROA | Deseño na Enxeñería |
| EQUIPO PARA SOLDADURA FORTE POR INDUCIÒN | BENITO BOUZA RODRÍGUEZ | Deseño na Enxeñería |
| DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DUN SISTEMA PARA ELEVACIÓN E COLOCACIÓN DE GRANDES DEFENSAS | MANUEL PÉREZ VÁZQUEZ | Deseño na Enxeñería |
| DESEÑO DO PROCEDEMENTO DE DEFINICIÓN XEOMÉTRICA 3D PARA SUXEITADORES DE PEITO MEDIANTE O EMPREGO DE TÉCNICAS MATEMÁTICAS APLICANDO ALGORITMOS XENÉTICOS | ALEJANDRO PEREIRA DOMÍNGUEZ | Deseño na Enxeñería |
| APLICACIÓN PARA O DESEÑO, DISTRIBUCIÓN E SELECCIÓN DE CONDUCTOS OLEOHIDRÁULICOS | J. BENITO BOUZA RODRÍGUEZ | Deseño na Enxeñería |
| MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA E O DESEÑO ECOLÓXICO EN SISTEMAS DE AVALIACIÓN MEDIANTE SIMULADORES REXENERATIVOS | BERNARDINO NOVO RAMOS | Enxeñería Eléctrica |

| | | |
|---|---|---|
| SISTEMA AVANZADO DE ILUMINACIÓN EN ESCAPARATES PARA A MELLORA DA SÚA EFICIENCIA ENERXÉTICA | ELOY DÍAZ DORADO | Enxeñería Eléctrica |
| ANÁLISE DO REGULAMENTO DE INSTALACIÓNS TÉRMICA EN EDIFICIOS (RIFE) E DO CODIGO TÉCNICO DA EDIFICACIÓN (CTE) E OS SEUS DOCUMENTOS BÁSICOS DE AFORRO DE ENERXÍA (CTE DB-HE) E SALUBRIDADE (CTE DB-HS) | JOSÉ FERNÁNDEZ SEARA | Enxeñería Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluidos |
| ANÁLISE TÉRMICA DOS FORNOS DE QUECEMENTO PARA TRATAMENTO POR TEMPLE DE PEZAS DE ACEIRO | ELENA BEATRIZ MARTÍN ORTEGA | Enxeñería Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluidos |
| DESEÑO DE COMPOÑENTES DE SISEMAS DE VENTILACIÓN ENERXÉTICAMENTE EFICIENTES | JOSÉ FERNÁNDEZ SEARA | Enxeñería Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluidos |
| DESENVOLVEMENTO DUN SISTEMA EGR PARA APLICACIÓN EN MOTORES DE INXECCIÓN DIRECTA DE GASOLINA | CONCEPCIÓN PAZ PENÍN | Enxeñería Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluidos |
| ANÁLISE E PROGRAMACIÓN DOS PROCESOS DE CÁLCULO DA NORMA EUROPEA EN-13384-2 PARA CHEMINEAS QUE PRESTAN SERVIZO A MAIS DUN XERADOR DE DIFERENTES CARACTERÍSTICAS EN MULTIENTRADA A CASCADA E OPERANDO EN DEPRESIÓN O SOBREPRESIÓN | JOSÉ FERNÁNDEZ SEARA | Enxeñería Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluidos |
| ESTUDO PARA A OPTIMIZACIÓN DA INSTALACIÓN HIDRÁULICA E DE FRÍO INDUSTRIAL NA PLANTA DE PROCESADO DE PRODUTOS CONXELADOS | JOSÉ A. VILÁN VILÁN | Enxeñería Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluidos |
| INVESTIGACIÓN PARA A OPTIMIZACIÓN TÉCNICO-ECONÓMICA DE SISTEMAS HÍBRIDOS FOTOVOLTAICOS+ PILA DE COMBUSTIBLE DE SUBMINISTRO ELÉCTRICO A CINEMÓMETROS EN ASTURIAS | MANUEL VÁZQUEZ VÁZQUEZ | Enxeñería Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluidos |
| MODELIZACIÓN DO COMPORTAMENTO DE DOUS CALDEIRAS DO SECTOR DOMÉSTICO EMPREGANDO COMO COMBUSTIBLE PÉLETS OBTIDOS A PARTIR DE DIFERENTES BIOMASAS PROCEDENTES DE CULTIVOS ENERXÉTICOS | JOSÉ LUIS MÍGUEZ TABARÉS | Enxeñería Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluidos |
| PREFABRICADOS LAMINADOS INTELIXENTES | JOSÉ LUIS MÍGUEZ TABARÉS | Enxeñería Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluidos |
| PREFABRICADOS LAMINADOS INTELIXENTES | JOSÉ LUIS MÍGUEZ TABARÉS | Enxeñería Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluidos |
| CONCEPCIÓN, DESEÑO ELECTROMECÁNICO E CÁLCULO DUN NOVO AEROXERADOR DE USO RESIDENCIAL/URBANO DE 4-5 KW DE POTENCIA | JOSÉ A. VILÁN VILÁN | Enxeñería Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluidos |
| DESEÑO DO PROCEDEMENTO DE DEFINICIÓN XEOMÉTRICA 3D PARA SUXEITADORES DE PEITO MEDIANTE O EMPREGO DE TÉCNICAS MATEMÁTICAS APLICANDO ALGORITMOS XENÉTICOS | JOSÉ A. VILÁN VILÁN | Enxeñería Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluidos |
| PROXECTO ESUB: APROVEITAMENTO ENERXÉTICO DAS CORRENTES SUBMARIÑAS | JOSÉ A. VILÁN VILÁN | Enxeñería Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluidos |
| DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO PARA A MELLORA DA PRODUCTIVIDADE DO COMPORTAMENTO AMBIENTAL E DA EFICIENCIA ENERXÉTICA EN FRINOVA | JOSÉ A. VILÁN VILÁN | Enxeñería Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluidos |
